

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 20 de decembro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte de decembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artíme, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Coucelo Torres* e os deputados *Marcos Guisasa Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34489.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024.

2.34490.- APROBACIÓN DA ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A “EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO”.
(Expte. 2023013485)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- Que en data 17/03/2023 a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 2.32439 polo que se aprobaba o “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO*”.
- En data 24/03/2023 asinouse o citado convenio que ten por obxecto a cooperación entre ambas Administracións para levar a cabo as obras de execución do novo campo de fútbol na parroquia de Salcedo á vista da carencia de campos de fútbol coas características das instalacións deportivas máis modernas. Así, a finalidade de claro interese público, consiste na mellora das infraestruturas deportivas municipais co fin de fomentar a práctica de actividades físicas e deportivas.



- Que de acordo coa cláusula décima do convenio relativa á vixencia, contéplase como prazo de execución e finalización do investimento o 31/12/2024, fixándose un prazo de xustificación ata o 31/03/2025. Na dita cláusula tamén se contempla que “No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga”.
- Que en data 10/12/2024, o Concello de Pontevedra solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar o convenio pois, debido á falta do material comprometido polo subministrador da empresa adxudicataria para poder completar a cuberta da rampla de acceso á grada, non é posible realizar as actuacións previstas no prazo de execución e finalización de obra estipulado na súa cláusula décima, isto é, o 31/12/2024.
- Que en data 17/12/2024, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, por unanimidade, tal como se fai constar na acta da mesma data (CSV: 3MBGVRS2046D9QXX), prorrogar a vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO”, establecendo como prazo de execución, finalización e xustificación a data límite do 31/10/2025, ante a imposibilidade material de realizar as actuacións obxecto do convenio antes da finalización do prazo de execución e fin do investimento previsto no mesmo, e adaptar así a redacción da cláusula décima á realidade de execución das obras nel recollidas.
- Que recibida a documentación necesaria por parte do concello de Pontevedra para a tramitación da addenda, a xefa do Servizo de Cooperación en data 17/12/2024 informa a proposta de addenda (CSV: PWYJ9LI4FHNWQKBD) e, pola súa banda, na mesma data, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade (CSV: ZCOPONNL6TK0MMEN).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do novo campo de fútbol da parroquia de Salcedo.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.n) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- Artigo 8 da LDG, que establece como competencia dos concellos, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 7 da LDG, que lle atribúe ás Deputacións no seu ámbito territorial competencias de asistencia e colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e no deseño e construción de instalacións deportivas de titularidade municipal.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47^a e 48^a de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



Procedencia da addenda:

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.
- Cláusula 10ª do convenio, que indica que no caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a sinatura dunha **ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO**, co fin de adecuar o prazo de execución, finalización e xustificación previsto no convenio á realidade de execución das obras.

RÉXIME COMPETENCIAL

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- **APROBAR a ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO CAMPO DE FÚTBOL DA PARROQUIA DE SALCEDO.**

O texto da addenda figura co CSV: PAYHG0LHDFDYTBAN.

A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da addenda polo órgano competente do Concello de Pontevedra.



- FACULTAR ó presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

3.34491.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “BEIRARRÚAS CLARA CAMPOAMOR, ENTRE RAMIRO PASCUAL E HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO”.
(Expte.2024072491)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución da obra "Beirarrúas Clara Campoamor, entre Ramiro Pascual e hospital Álvaro Cunqueiro".
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, nas datas 11/11/2024, 12/11/2024, 21/11/2024 e 04/12/2024, o Concello de Vigo remite a Deputación (número de rexistro 2024020615, 2024020787, 2024021488 e 2024022226, respectivamente), a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.
- A estimación económica da totalidade do investimento ascende á cantidade de UN MILLÓN TRESCENTOS VINTE MIL NOVECENTOS VINTE EUROS (1.320.920,00 €), e propónse que a achega da Deputación sexa de 1.133.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14, e que a achega do Concello de Vigo sexa de 187.920,00 €, con cargo á anualidade 2025 do orzamento municipal.
O orzamento da actuación detallase na seguinte táboa:

Orzamento de adxudicación con IVE	1.151.920,00 €
Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público	115.000,00 €
Estimación de custos asociados á obra: Dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, en total en torno do + - 6% do PEM do proxecto	54.000,00 €
TOTAL	1.320.920,00 €

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 13/11/2024 (CSV: T5U63GV4QZXGJB8C); os informes da xefa do Servizo de Cooperación de 13/11/2024 e 27/11/2024 (CSV: 48N5NJC6NGISE9QG e CSV: RAFRJV BKDUUY3CMV, respectivamente); o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 15/11/2024 (CSV: :U2PR8V2QERVYFQ2M) e dilixencia de conformidade de 09/12/2024 (CSV: NR2XWGL92CRD00ZO).



- En data 20/12/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo a execución da obra "Beirarrúas Clara Campoamor, entre Ramiro Pascual e hospital Álvaro Cunqueiro".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, atribúe ás Administracións municipais competencia sobre a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.d) que exercerán, entre outras, competencias en materia de pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.



CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución da obra "Beirarrúas Clara Campoamor, entre Ramiro Pascual e hospital Álvaro Cunqueiro".

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "BEIRARRÚAS CLARA CAMPOAMOR, ENTRE RAMIRO PASCUAL E HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO".

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBAR o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "BEIRARRÚAS CLARA CAMPOAMOR, ENTRE RAMIRO PASCUAL E HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO".

O texto do convenio figura co CSV: TP024J61BIF3PQAJ

- FACULTAR ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.



4.34492.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MORAÑA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0503 MANÉ-REBÓN, DO P.Q. 2+300 AO P.Q. 3+624. CONCELLO DE MORAÑA”. (Expte. 2024073273)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0503 Mané-Rebón, que transcorre polos concello de Barro e Moraña e ten unha lonxitude de 3.624 metros-

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña”, no termo municipal de Moraña.

A actuación prevista está xustificada e dirixida a mellorar a seguridade viaria, establecendo como obxectivo principal a ampliación da plataforma e a mellora das condicións xeométricas en determinadas seccións que teñen parámetros mínimos, dificultando a circulación cómoda e segura, por iso a rectificación de varias aliñacións curvas.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	1.121.462,15 €
IVE 21%	235.507,05 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.356.969,20 €



2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificado de acordo plenario aprobando do Convenio polo Concello (CSV: 94RQY3ZYGKJF94MEQ9JGHTEF9).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- Texto convenio data 14/11/2024 co CSV: 10O1K3FNJIY5YECW.
- Proxecto asinado data 05/11/2024 co CSV: 1PDV9U778G6CF81Y.
- Autorización de patrimonio data 19/11/2024 CSE: mllDyESjtqP8.
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras data 21/11/2024 co CSV: RGCCMGK87H6PAW4V.
- Informe favorable de supervisión do proxecto data 21/11/2024 CSV: 16F4KB4FOXN0AZOY.
- Informe de urxencia da expropiación data 21/11/2024 CSV: RHR1UH1ZMGW05TJQ.
- Informe favorable de Secretaría Xeral data 05/12/2024 CSV: LUN71TOOM193QY9O
- Informe favorable de Intervención data 16/12/2024 .CSV: 0CJPSCBL4VEIDXCX

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Moraña mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.356.969,20 €	100
Total obras	1.356.969,20 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Moraña:

Organismo	Achega	%
Concello de Moraña	16.404,30 €	100
Total expropiacións	16.404,30 €	100



A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Moraña será de 16.404,30 € (100% do importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Moraña.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLE establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1) A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2) O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3) O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Moraña para a execución do proxecto “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña*”, cuxo teor literal se contén no documento referenciado co código seguro de verificación: 10O1K3FNJIY5YECW.

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do citado convenio mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



- 5.34493.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS, PARA LEVAR A CABO PARTE DA ACTUACIÓN 4 “PLAN INTEGRAL DE MOBILIDADE EN DESTINO”, DO “PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO-PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RÍOS” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU. (Expte.2024065298)

ANTECEDENTES DE FEITO

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolto conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.

A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias para seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

Os investimentos do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levarán a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas.

A Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, del 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, pola que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), o seu Regulamento aprobado polo RealDecreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia (LSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- E demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose de un proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento del cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación trala crisis da COVID-19, e regulado segundo el Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.
- Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución de 4 de xaneiro de 2022, da Secretaria de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos as comunidades autónomas, e se formalizan os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021 polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto palas comunidades autónomas do crédito destinado á financiación de inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 inversión 1 do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, para o exercicio 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. - A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, #de acordo con o previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.



SEGUNDO. - A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación

En consecuencia, a deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 28 de setembro de 2021 o "Plan de Sustentabilidade Turística do Condado Paradanta. Unha terra entre ríos" (PSTD do Condado Paradanta, a continuación).

O citado proxecto ten as seguintes características: Obxectivo xeral: Promover o crecemento equilibrado e impulsar a renovación do sector turístico de Condado Paradanta e orientalo na dinámica do turismo sostible e mellorar a calidade de vida na contorna. O modelo de desenvolvemento turístico de Condado Paradanta implicará a dinamización económica e social da comunidade e a preservación do seu patrimonio natural e cultural. Situarase ás persoas no centro da estratexia potenciando a xeración de oportunidades e potenciando a participación cidadá e dos visitantes no desenvolvemento dun novo modelo turístico orientado cara á sustentabilidade e creación de tecido produtivo e asociativo. Prevese mellorar a rendibilidade social e económica do turismo na comarca. Duración e prazo de desenvolvemento do programa: Desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024, aínda que actualmente atópase en fase de tramite a prórroga do mesmo ata o 31 de maio de 2026. Ámbito de actuación do proxecto: Os concellos das Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearcas, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, A Cañiza, Arbo, Covelo e Crecente.

Eje programático	Actuación
EJE 1- Transición verde	Plan Director do entorno do Castelo de Sobroso
	Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos.
EJE 2- Eficiencia enerxética	Plan de iluminación eficiente do patrimonio.
	Plan integral de mobilidade do destino.
EJE 3- Transición dixital	Produto de realidade virtual entorno á festa do Corpus de Pontearcas
	Ferramentas dixitais para a interpretación de castros
EJE 4- Competitividade	Recuperación e posta en valor do patrimonio etnográfico e melloras para o Centro do Tea
	Festa do Corpus Christi en Pontearcas. Creación do primeiro museo ao aire libre
	Plan de marketing e creación de marca
	Configuración e desenvolvemento de novos produtos turísticos sostenibles. Centro BTT
	Club de produto da lamprea
	Apoio ao ente Xestor. Coordinación, seguimento e avaliación do plan



Financiación: 100% o Ministerio.
Orzamento financiable: 1.500.000,00 €
Subvención orzamento: 1.500.000,00 €

TERCEIRO. No BOE do 13 de xaneiro publícase a Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas, e formalízanse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do Componente 14, investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o exercicio 2021, tamén consta no crédito asignado a PT Galicia 2021 ao PSDID Condado Paradanta “Unha Terra entre os ríos”, detallando a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 1.500.000,00 €.

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión común do día 29 de xullo de 2022, adoptou o acordo 6.7832, ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E COMPROMISOS DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO: 92210005 – CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RÍOS” (EXPTE. 2021047846).

O Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración.

Con data 11 de novembro de 2022 asínase convenio entre Axénciaa turismo de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a execución do Plan de Sustentabilidade turística en destino - Condado Paradanta- unha terra entre ríos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU.

CUARTO. - Para a execución das actuacións do proxecto é necesario articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello mediante un convenio que constitúe o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

En consecuencia, o obxecto de convenio é articular ditas bases para a execución de actuacións seleccionadas polo Concello no seu termo municipal dentro do marco do citado Plan de Sustentabilidade

A intervención para levar a cabo realizarase sobre unha estrada de titularidade provincial polo que o Servizo de Infraestruturas foi o centro xestor responsable da redacción do proxecto MELLORA DÁ MOBILIDADE PEONIL NA EP - 4001 DENDE O P.Q. 0+810 ATA O P.Q. 1+710 (CONCELLO DE PONTEAREAS), e participa do financiamento así como o Concello de Pontearreas.

QUINTO. - Especificase no convenio, entre outras cláusulas, as características e requisitos das actuacións, o importe e financiamento, os compromisos das partes, vixencia do convenio e a súa extinción, contendo, polo menos, o contido establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo acompáñase da correspondente memoria xustificativa onde se analizan todos os aspectos aos que se refire o artigo 50.1 da citada Lei.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Pontearreas para o desenvolvemento da actuación 4 “PLAN INTEGRAL DE MOVILIDAD EN DESTINO”, do “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO- PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU que figura co CSV: YPCXQACJN0C3P1UW.

6.34494.- APROBAR E DECLARAR O ABOO DAS AXUDAS A DEPORTISTAS COA CATEGORÍA DE ALTO NIVEL (DEPO_DAN E DEPO_DAN+) E DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DE BASE (DEPO_TALENTO). (Expte.2024024466)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo “Aprobación das bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión das axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024”, publicadas no BOPPO nº161 do 20 de agosto de 2024.

Segundo.- Con data 20/08/24 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 161), establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles dende o día seguinte a publicación do anuncio das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Terceiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 22 de novembro de 2024, adoptou, entre outros, os seguinte acordo “Modificación puntual do acordo de Xunta de Goberno do día 26 de xullo de 2024 (Nº4.34077), polo que se aprobaban as “bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión das axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024”.

Cuarto.- Con data 26/11/2024 a xefatura do servizo de Deportes emite informe proposta ao respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de solicitudes que compren cos requisitos para e obrigas establecidos nas bases para ser beneficiarias, así como aquelas que deben ser desestimadas.

Quinto.- Con data 26/11/24 a xefatura do servizo de Deportes formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento. Por outra banda, con data 09/12/24 efectúase a proposta de resolución definitiva.

Sexto.- En data 12/12/24 fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.



Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no caso de tratarse de Asociacións, artigo 232.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.

Segundo.- O procedemento para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión das axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024” realízase en réxime de concorrencia non competitiva, con base nos tipos de axudas establecidos no apartado quinto das bases reguladoras; en ningún caso a suma total das axudas concedidas pode superar o orzamento previsto nas bases.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das bases de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión por importe de 401.550,00 € e declarar o abono a 414 beneficiarios e beneficiarias das axudas a deportistas coa categoría de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) e que figura na relación que se achega co seguinte CSV: 9908ILWSL7J4HLTY

Segundo.- Excluir deste programa un total de 37 solicitudes por diferentes motivos e que se achega co seguinte CSV: BDLUAR4NUSHOBFL8.

7.34495.- ACEPTACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS, CONSUMO E AXENDA 2030 PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO, APOIO E POSTA EN VALOR DAS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGA”; DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ACCIÓNS PARA O IMPULSO DA AXENDA 2030 NAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DA ORDE DSA/632/2022, DO 23 DE XUÑO. (Expte.2024050131)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución de concesión de axudas da Directora Xeral de Axenda 2030, por delegación do Ministro de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 con destino ao proxecto “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua” e co obxecto de aceptar a axuda concedida mediante a Resolución de concesión da Dirección Xeral de Axenda 2030 e publicada en data 15/11/2024 no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- *O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.*
- *O Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 publicou o día 06 de xullo de 2022 (BOE núm. 161) a Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais. Posteriormente, o día 20 de xuño de 2024 publicouse o extracto da resolución do 17 de xuño de 2024 do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 149).*
- *En data 18/07/2024, mediante o informe-proposta da Xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 1NWP57WREAXYK2H), infórmase á Presidencia sobre a presentación da solicitude de subvención do proxecto “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua” á citada convocatoria. Posteriormente, en data 22/07/2024 o proxecto citado preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030; asinándolle o número de rexistro REGAGE24e00055208852.*



- Finalmente, en data 15/11/2024, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Dirección Xeral de Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente a 2024. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua”, por importe de 248.810,00 euros sendo o total do orzamento do proxecto de 277.810,00 euros.
- O obxecto do proxecto é empoderar, apoiar e poñer en valor o traballo das Comunidades de Usuarios de Auga da provincia de Pontevedra, que son axentes esenciais para cumprir as metas do ODS 6, en especial no ámbito rural da provincia, facéndoo ademais desde o valor do comunitario. Para iso creárase unha oficina técnica de apoio á legalización, tecnificación e profesionalización das traídas de augas veciñais e das propias Comunidades e traballarase noutras 3 liñas de apoio: empoderamento e traballo en rede, implicación cidadá e posta en valor e recoñecemento.
- Polo que respecta ás condicións económicas do proxecto o seu custo total subvencionable cuantifícase en 248.810,00 € e a súa desagregación por tipoloxía de actuación detállase na seguinte táboa:

Concepto	Solicitado a DG A2030	Financiación propia	Custo total
A.- PERSOAL			
Gastos de persoal	127.155 €	17.000 €	144.155 €
Total PERSOAL	127.155 €	17.000 €	144.155 €
B.- ACTIVIDADES			
B.1- Subministrados e servizos xerais	0 €	9.000 €	9.000 €
B.2- Aluguer de bens inmoables	0 €	0 €	0 €
B.3- Dietas e gastos de viaxes	0 €	3.000 €	3.000 €
B.4- Material inventariable / bibliográfico	0 €	0 €	0 €
B.5- Material funxible	0 €	0 €	0 €
B.6- Gastos de asesoría			
B.6.1- Informe do auditor	0 €	0 €	0 €
B.7- Outros gastos			
B.7.1- Subcontratación	68.970 €	0 €	68.970 €
B.7.2- Publicidade e difusión	27.275 €	0 €	27.275 €
B.7.3- Prestación de servizos profesionais	0 €	0 €	0 €
B.7.4- Outros que no poidan ser identificados en outras partidas do concepto b) Actividades	0 €	0 €	0 €
Total ACTIVIDADES	96.245 €	12.000 €	108.245 €
TOTAL ORZAMENTO	248.810 €	29.000 €	277.810



- En canto ao cadro financeiro do proxecto é o que se desagrega a continuación:

Custo total	Axuda concedida	Cofinanciamento da Deputación
277.810,00 €	248.810,00 €	29.000,00 €

- En canto á execución do proxecto está previsto que se inicie a tramitación administrativa trala concesión da axuda solicitada e estímase que no prazo de 12 meses, a contar á concesión da axuda, polo que se prolongará ata o 17 novembro de 2025.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 161) e Resolución do 17 de xuño de 2024 do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto 9.4 da Orde DSA/632/2022, a resolución publicarase nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En todo caso, esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os seus mesmos efectos.
- No artigo 9.6 da Orde DSA/632/2022, indícase que as subvencións concedidas faranse públicas, nos termos previstos no artigo 18.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. A publicación na BDNS farase tendo en conta o previsto no artigo 20.8 b) da mesma lei e para os efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- No artigo 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, recóllese que a publicación dos actos realizarase no diario oficial que corresponda, segundo cal sexa a Administración da que proceda o acto para notificar.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente

- *En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúese a Xunta de Goberno.*

III. CONCLUSIONES

A Deputación de Pontevedra solicitou unha axuda con cargo ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua”; dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño.

En data 15/11/2024, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Dirección Xeral de Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente a 2024. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua”, por importe de 248.810,00 euros sendo o total do orzamento os 277.810,00 euros.

Neste sentido, de conformidade co previsto no artigo 9.4 da Orde DSA/632/2022, a resolución publicarase nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En todo caso, esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os seus mesmos efectos. Ademais, no artigo 10.4 da Orde DSA/632/2022, establécese que as subvencións a que se refire esta orde concederanse en réxime de pagos anticipados, co límite que, no seu caso, puidese establecer cada convocatoria.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, e tendo en conta as datas nas que estamos para o inicio do devandito proxecto é necesario realizar a aprobación dos mesmos, realizando as operacións de xeración de crédito no ano 2025 polo importe de 248.810,00 euros correspondente ás subvencións concedidas mediante a resolución de concesión de axuda de 15 de novembro de 2024.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 29.000,00 euros.

Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª das de execución dos orzamentos provinciais, abranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.



Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, iníciense os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda ao proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua”; dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 26/11/2024 (CSV: TV0GHWT18UPOGH6P), e da Intervención Provincial de data 02/12/2024 (CSV: V77MRNFU73WK740K), a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 ao proxecto denominado “Mejora de la gestión del agua en el ámbito rural de la provincia de Pontevedra a través del empoderamiento, apoyo y puesta en valor de las comunidades de usuarios de agua” para a súa execución, mediante resolución favorable da Dirección Xeral de Axenda 2030 con data 15/11/2024 publicada no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, sendo o total do investimento elixible admitido de 248.810,00 €
- Aprobar o gasto cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución no 2025 (100% do investimento elixible admitido)
Axuda concedida Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030	248.810 €
Aportación Deputación (fondos propios)	29.000 €
Total	277.810 €



- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 29.000 € na aplicación que se abra do orzamento provincial no correspondente proxecto de gasto cun código de proxecto de gastos específico coa denominación: “250000X - MELLORA DA XESTIÓN DO AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”, permitindo un seguimento contable diferenciado durante a vida do proxecto e unha pista de auditoría individualizada.
- Cumprir coa normativa de aplicación, contida no Fundamento de Dereito Segundo da Resolución de concesión da Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2024 e ás instrucións que, en uso das súas facultades de control, seguimento e avaliación, poidan establecerse pola Dirección Xeral de Políticas Puncas para o Cumprimento da Axenda 2030.
- Darlle traslado do presente acordo á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

8.34496.- APROBACIÓN DE DIVERSAS FACTURAS DA EMPRESA UTE TEPRIL-INOR (CIF:U70506118) CORRESPONDENTES ÓS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE REALIZADOS NAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN (EXPTE. 2020028219) E NA OBRA DE ADECUACIÓN DE PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2019034306) POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS. (Expte.2024078266)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes:

I. ANTECEDENTES:

Primeiro.- A UTE TEPRIL-INOR, formada polas empresas Tepril, Técnicas de prevención de Riesgos Laborales, S.L. (CIF: B15719776) e Ingeniería del Noroeste, S.L. (CIF: B15128832) asinou contrato coa Deputación de Pontevedra o 24 de novembro de 2016 e, a vixencia do mesmo mantívose ata o ano 2021 mediante diferentes prórrogas. O obxecto do contrato asinado pola UTE coa Deputación de Pontevedra é a coordinación en materia de seguridade e saúde das obras da Deputación.



Segundo.- A UTE TEPRIL-INOR, no ámbito dos contratos xestionados dende o Servizo de Cooperación, levou a coordinación da seguridade e saúde do expediente 2020028219, *OBRAS DE RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DE ACORDO CO REAL DECRETO 616/2017 PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO* e do expediente 2019034306, *ADECUACIÓN DE 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA*.

Terceiro.- Con data do 13 de novembro de 2024, a empresa UTE TEPRIL-INOR, presenta un total de 32 facturas polos traballos realizados nos anos 2020 e 2021. Analizadas as facturas presentadas, os seus importes e as datas de finalización das obras nas que desenvolveu a coordinación de seguridade e saúde, determínase que se debe continuar coa tramitación das seguintes 23 facturas que se detallan no seguinte cadro. As 9 facturas restantes foron rexeitadas porque transcorreu un prazo superior a 4 anos dende a prestación do servizo pola UTE, contado a partir da finalización da correspondente obra, ata a data na que foi presentada a factura para o cobro polo servizo prestado.

Data de rexistro	Expediente	Asunto	Importe sen IVE	Importe con IVE	Fin de obra
13/11/2024	2024072926	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.1 Iluminación. BARRO	253,37 €	306,58 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072927	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.2 Iluminación. CALDAS	133,72 €	161,80 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072928	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.3 Iluminación. CAMBADOS	252,61 €	305,66 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072929	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.4 Iluminación A GUARDA	253,31 €	306,51 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072930	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.5 Iluminación MEIS	256,68 €	310,58 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072931	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.6 Iluminación NIGRÁN	215,92 €	261,26 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072932	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.7 Iluminación PORTAS	255,80 €	309,52 €	31/07/2021



13/11/2024	2024072933	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.8 Iluminación RODEIRO	239,38 €	289,65 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072934	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.9 Iluminación SALVATERRA	256,59 €	310,47 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072935	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 1.10 Iluminación TUI	157,77 €	190,90 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072936	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.1 Iluminación ARBO	255,67 €	309,36 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072937	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.2 Iluminación COVELO	128,05 €	154,94 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072938	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.3 Iluminación CRECENTE	140,31 €	169,78 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072939	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.4 Iluminación MEAÑO	255,92 €	309,66 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072940	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.5 Iluminación AS NEVES	253,45 €	306,67 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072941	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.6 Iluminación OIA	202,80 €	245,39 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072942	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.7 Iluminación POIO	220,13 €	266,36 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072943	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.8 Iluminación PONTECESURES	159,09 €	192,50 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072944	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.9 Iluminación PORRIÑO	252,58 €	305,62 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072945	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.10 Iluminación SILLEDA	250,60 €	303,23 €	31/07/2021



13/11/2024	2024072946	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.11 Iluminación TOMIÑO	253,57 €	306,82 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072947	Servizo de Coordinación de S. e S. Proxecto 2.12 Iluminación VILANOVA DE AROUSA	138,34 €	167,39 €	31/07/2021
13/11/2024	2024072950	Servizo de Coordinación de S. e S. PUNTOS LIMPOS. LOTE 4. GONDOMAR	121,76 €	147,33 €	18/02/2021
		Importe total	4.907,42 €	5.937,98 €	

Cuarto.- A empresa prestou satisfactoriamente os servizos contratados e que se corresponden coas facturas relacionadas; e polo tanto, débese proceder ao pago das mesmas.

Quinto.- Os gastos derivados destas facturas correspóndense a exercicios pechados e, polo tanto, non se poden tramitar polo procedemento ordinario.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente

- De conformidade co previsto no artigo 26.2.b) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, aplicaranse aos créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto establecido no artigo 47.5 requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación de data 03/12/2024, e da Intervención Provincial de data 16/12/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as facturas contempladas na seguinte relación:

Nº Factura	Data Factura	Obra	Importe sen IVE	Importe con IVE
70/2024	11/11/2024	Proxecto 1.1. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro (Expte. 2020028219)	253,37 €	306,58 €
71/2024	11/11/2024	Proxecto 1.2. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas (Expte. 2020028219)	133,72 €	161,80 €
72/2024	11/11/2024	Proxecto 1.3. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados (Expte. 2020028219)	252,61 €	305,66 €
73/2024	11/11/2024	Proxecto 1.4. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello da Guarda (Expte. 2020028219)	253,31 €	306,51 €
74/2024	11/11/2024	Proxecto 1.5. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis (Expte. 2020028219)	256,68 €	310,58 €
75/2024	11/11/2024	Proxecto 1.6. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Nigrán (Expte. 2020028219)	215,92 €	261,26 €
76/2024	11/11/2024	Proxecto 1.7. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas (Expte. 2020028219)	255,80 €	309,52 €
77/2024	11/11/2024	Proxecto 1.8. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Rodeiro (Expte. 2020028219)	239,38 €	289,65 €



78/2024	11/11/2024	Proxecto 1.9. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Salvaterra de Miño (Expte. 2020028219)	256,59 €	310,47 €
79/2024	11/11/2024	Proxecto 1.10. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Tui (Expte. 2020028219)	157,77 €	190,90 €
80/2024	11/11/2024	Proxecto 2.1. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo (Expte. 2020028219)	255,67 €	309,36 €
81/2024	11/11/2024	Proxecto 2.2. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Covelo (Expte. 2020028219)	128,05 €	154,94 €
82/2024	11/11/2024	Proxecto 2.3. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente (Expte. 2020028219)	140,31 €	169,78 €
83/2024	11/11/2024	Proxecto 2.4. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meaño (Expte. 2020028219)	255,92 €	309,66 €
84/2024	11/11/2024	Proxecto 2.5. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello das Neves (Expte. 2020028219)	253,45 €	306,67 €
85/2024	11/11/2024	Proxecto 2.6. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Oia (Expte. 2020028219)	202,80 €	245,39 €
86/2024	11/11/2024	Proxecto 2.7. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Poio (Expte. 2020028219)	220,13 €	266,36 €
87-2024	11/11/2024	Proxecto 2.8. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Pontecesures (Expte. 2020028219)	159,09 €	192,50 €
88/2024	11/11/2024	Proxecto 2.9. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello do Porriño (Expte. 2020028219)	252,58 €	305,62 €
89/2024	11/11/2024	Proxecto 2.10. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Silleda (Expte. 2020028219)	250,60 €	303,23 €



90/2024	11/11/2024	Proxecto 2.11. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo (Expte. 2020028219)	253,57 €	306,82 €
91/2024	11/11/2024	Proxecto 2.12. Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa (Expte. 2020028219)	138,34 €	167,39 €
2024/94	11/11/2024	Adecuación de 9 puntos limpos para recollida de residuos de aparellos eléctricos. Lote 4: Punto limpo en Gondomar (Expte. 2019034306)	121,76 €	147,33 €
Total			4.907,42 €	5.937,98 €

2. Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da obriga por un importe total de 4.907,42 €, con cargo á aplicación non orzamentaria 419.10.(099.143).
A emisión das facturas unha vez transcorrido máis dun (1) ano desde a prestación do servizo conleva para a empresa a perda do dereito a repercutir o IVE á Deputación (art. 88.4 LIVA).
3. Ordenar o libramento do importe de 4.907,42 euros a favor da empresa UTE TEPRIL-INOR (CIF: U-70506118).
4. Dar traslado do presente acordo á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e á empresa adxudicataria.

9.34497.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. (Expte. 2024081149)

Vista a relación de facturas con número 2024081149, que contén 11 facturas e por un importe de 17.346,45€ e con CSV: 0LRW63NEHLKJAFX5, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/12/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	17.320,37€
Descostos do IRPF.....	0,00 €
Descostos do IVE soportado deducible.....	26,08€
Descostos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descostos.....	0,00 €
Total líquido.....	17.346,45€



10.34498.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Expte.2024081148)

Vista a relación de facturas con número 2024081148, que contén 3 facturas e por un importe de 169.616,83 € e con CSV: 2STX4G2EMGCWOHQ, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 10/12/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	169.616,83 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	169.616,83 €

11.34499.- ADMISIÓN DAS EMPRESAS CANDIDATAS NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA A “CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMBRIÓNS BOVINOS DE ALTO VALOR XENÉTICO PARA A GANDERÍA DA FINCA MOURISCADE”. (Expte.2024062361)

Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2024 aprobouse o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar a subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da Finca Mouriscade*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 22/10/2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará ós licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.



A Mesa de contratación, na súa reunión do día 21/11/2024, procedeu á avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes, que foron as seguintes:

- SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923)
- XENETICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207)
- TRIANGLE HOLSTEIN, S.L (CIF: B63425136)

Advertidos defectos na documentación achegada polas empresas, Xenética Fontao e Triangle Holstein, a Mesa facultou ao secretario para requiririlles a emenda. O requirimento realizouse con data 25/11/2024, sendo emendada correctamente a documentación, co seguinte detalle:

- XENETICA FONTAO, S.A. (A27222207): Mediante Rexistro entrada WEB 2024073568 de data 26/11/2024, emenda a documentación acreditativa da solvencia técnica e a solvencia económica.
- TRIANGLE HOLSTEIN S.L.(B63425136). Mediante Rexistro entrada WEB 2024073609 de data 26/11/2024 a documentación acreditativa da solvencia técnica.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de contratación, na reunión celebrada o día 5 de decembro de 2024, acordou seleccionar ás empresas: Triangle Holstein S.L., Semex España S.A.e Xenética Fontao S.A., por ter acreditado que cumpren cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas Categorias: I,II, III e IV do Sistema dinámico de adquisición para contratar a subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da Finca Mouriscade.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 17.1, que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministros cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir ás empresas SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923) e XENETICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLSTEIN S.L.(B63425136) nas seguintes categorías do Sistema dinámico de adquisición para contratar a subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da Finca Mouriscade:
 - *Categoría I:* SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923), XENETICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLSTEIN S.L.(B63425136).
 - *Categoría II:* SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923), XENETICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLSTEIN S.L.(B63425136).



- *Categoría III*: SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923) , XENETICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLTEIN S.L.(B63425136).
 - *Categoría IV*: SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923) , XENETICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLTEIN S.L.(B63425136).
2. As empresas admitidas deberán formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, no prazo de quince días hábiles contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.
3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizados os contratos de adhesión.
A data de comezo indicárase no documento de formalización e terá a duración dun ano.
Establécese a posibilidade de dúas prórrogas cunha duración dun ano.

12.34500.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA “+XUNTAS”. (Expte. 2023072103)

Na sesión ordinaria do día 21 de maio de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de “*Servizo de execución do programa +XUNTAS*” á UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.-CAMPA FORMACIÓN INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA SL (CIF: U55443881) conforme ao detalle reflexado no citado acordo, e polos seguintes prezos unitarios:

Prezo por obradoiro (sen IVE)	1.291,15 €
IVE (21%)	271,14 €
Prezo por obradoiro (IVE incluído)	1.562,29 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 14 de xuño de 2024, sendo o prazo de duración de 9 meses desde a data de formalización do contrato, prevéndose a realización das accións formativas ata o 31 de decembro de 2024, e con posibilidade dunha prórroga dunha anualidade de duración, previa aprobación das bases reguladoras do programa para dito período.

Con data 18 de outubro de 2024, a xefa do servizo de Igualdade, coa conformidade da deputada delegada, emite informe, co CSV DYXSNTGD9EFQ6VT9, no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 17 de outubro de 2024 (data de comparecencia: 18/10/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 24 de outubro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito futuro polo importe de 323.394,03 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/250.2315.227.07, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

Por acordo nº 2.34384 da Xunta de Goberno de data 22/11/2024, apróbanse as bases reguladoras do programa “+XUNTAS” para o ano 2025 (expte. nº 2024069042).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 10 de decembro do 2024 (CSV: C1R8LNGMIJSZO4QF), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do servizo de execución do programa +XUNTAS por un ano, desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a prórroga do contrato do “Servizo de execución do programa +XUNTAS” subscrito coa UTE XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.-CAMPA FORMACIÓN INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA SL (CIF: U55443881), durante o período desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/250.2315.227.07	323.394,03 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



13.34501.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “+ BENESTAR”.
(Expte. 2024017786)

Na sesión ordinaria do día 12 de xullo de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024*” á empresa Viajes Halcón S.A. (A-10005510), segundo o detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 07 de agosto de 2024, sendo o prazo de duración de dous anos contados desde ese día ata o 31 de decembro de 2024, con posibilidade dunha prórroga dunha anualidade de duración.

Con data 09 de decembro de 2024, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 07 de outubro de 2024 (data de comparecencia: 07/10/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 12 de decembro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito futuro para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

Tendo en conta que mediante acordo da Xunta de Goberno de data 13/12/2024, apróbanse as bases reguladoras do programa “+ BENESTAR” para o ano 2025 (expte. n.º 2024066968).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 16 de decembro do 2024 (CSV: BPFDSA0D7SQYX5FV), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024” por un ano, desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2025.”



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de “Xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR” subscrito coa empresa Viajes Halcón S.A. (A-10005510), durante o período que vai desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/231.2311.227.07	221.700,00 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

14.34502.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA PROVINCIA ACTIVA. (Expte. 2021050862)

Na sesión ordinaria do día 01 de abril de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPO EN MARCHA*” á empresa Xestión Cultural Aurea S.L. (CIF: B-36.394.203) conforme ao detalle reflexado no citado acordo, e polos seguintes prezos:

Prezo por obradoiro (sen IVE) 927,63 €
IVE (21%) 194,80 €
Prezo por obradoiro (IVE incluído) 1.122,43 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 05 de maio de 2022, sendo o prazo de duración desde a data de formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2022, con posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade de duración cada unha, previa aprobación das bases reguladoras do programa para dito período.



A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordos adoptados nas sesións ordinarias de data 02 de decembro de 2022 e 11 de decembro de 2023, a primeira e segunda prórroga do contrato de servizo de “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa PROVINCIA ACTIVA (antes DEPO EN MARCHA)” suscrito coa empresa Xestión Cultural Aurea SL (CIF: B-36.394.203), tendo vixencia a última ata o 31 de decembro de 2024, e permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 17 de outubro de 2024 a xefa do servizo de Benestar Social, coa conformidade da deputada delegada, emite informe co CSV 0VI9G1NMLTF9MY6N, no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 17 de outubro de 2024 (data de comparecencia: 18/10/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 24 de outubro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito futuro polo importe de 145.916,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.227.07, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 13/12/2024, apróbanse as bases reguladoras do programa “Provincia Activa” para o ano 2025 (expte. nº 2024068603).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 16 de decembro do 2024 (CSV: 9VMB5WYCLEIJBY0K), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga do contrato de servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa PROVINCIA ACTIVA por un ano, desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a terceira prórroga do contrato do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa PROVINCIA ACTIVA” subscrito coa empresa Xestión Cultural Aurea SL (CIF: B-36394203), durante o período desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/231.2311.227.07	145.916,20 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

15.34503.- DECLARACIÓN DE ABANDONO DA EMPRESA TAKTIKA COMUNICACIÓN S.L. (CIF:B36852846) DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS. (Expte. 2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022, acordou admitir á empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:

- Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexas 79800000-2 Servicios de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
- Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6 Servicios de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.

O referido contrato formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) con data 21 de outubro de 2022, con efectos desde o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023, establecéndose a posibilidade de dúas prórrogas cunha duración dun ano.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou a primeira prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros”.



Mediante Resolución Presidencial número 2024008243 de data 22/10/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de Impresión da guía para a identificación das tipoloxías de residuos e xestores autorizados dos proxectos “Da túa man” rural I e II, convocatorias 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, do MINECOEM no marco do PRTR financiado pola UE – NextGenerationEU. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 23/10/2024, a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2024008248 de data 22/10/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico Impresión de 500 exemplares de axendas "+ Igualdade na nosa axenda" 2025. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 23/10/2024, a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2024008412 de data 30/10/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de Impresión do Catálogo da Exposición "José Benito Otero Baena. Un pintor sen pinceis". Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 30/10/2024, a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2024009040, de data 25/11/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de Impresión do material promocional do destino Rías Baixas. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 25/11/2024, a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) non presentou oferta.

Tendo en conta que a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) foi invitada a presentar oferta na licitación de todos os contratos específicos que se tramitaron desde a sinatura do contrato, sen embargo, non presentou oferta ás catro últimas invitacións consecutivas.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico administrativas establece que *“en calquera momento de vixencia do presente sistema poderán as/os empresarios abandonalo, entendéndose que exerceron esta opción no caso de que non presenten oferta en catro licitacións consecutivas. En ambos casos é o órgano de contratación o encargado de acordar dita exclusión. O abandono do sistema non impedirá a reincorporación nun momento posterior”*.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 16 de decembro de 2024 no que, a modo de conclusión indica que:

“Tendo en conta que a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) non presentou oferta aos catro últimos contratos específicos, de conformidade co apartado 7 do PCAP, considérase que abandonou o sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra.”

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que declarou a admisión das empresas no sistema dinámico para a adquisición dos servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra ó estimarse que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 €.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Excluír por abandono á empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) do sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra, ao non presentar oferta aos catro últimos contratos específicos.

16.34504.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS CELSO EMILIO FERREIRO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 31/10/2024 (Nº3.34326), DENEGANDO UNHA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (Expte. 2024012543)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2024, adoptou o acordo número 3.34326 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)”, concedéndose as subvencións a todas as entidades que cumpren os requisitos, e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.

Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Asociación de Mulleres Rurais Celso Emilio Ferreiro Sanxenxo (CIF G36148526), con número de expediente 2024012543, se declara expresamente excluída polo motivo “Non reúne a documentación esixida na convocatoria e tampouco se aporta posteriormente no prazo da emenda operando isto como unha causa de exclusión (base 10ª). Non contestan ao requirimento de documentación.”.

Na data 6/11/2024 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola representante da asociación o día 18/11/2024 (CSV: DEHU-a23f45cc-d1cd-b2e8-363f-bd20-216a-c84b).

Cuarto.- Na data 27/11/2024, mediante instancia presentada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024074122) a representante da Asociación de Mulleres Rurais Celso Emilio Ferreiro Sanxenxo interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa súa exclusión en base aos motivos que expón no documento con CSV: 8CYG4W8ER7ONIT5C, no que manifesta que:

“Buenos días, presento este recurso da axuda que me denegaron, a asociación Celso Emilio Ferreiro Míguez, cando me din conta do email do requirimento xa se pasara o prazo, porque tiña o telefono avariado e cando o puider ver xa había pasado o prazo.

Rogo que atendan este recurso e nos poidan conceder a axuda a esta asociación, Gracias.”



A representante da asociación peticionaria solicita que se revise o acordo impugnado, e tendo en conta o manifestado, que se lle conceda a subvención correspondente.

Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 18/11/2024 e o recurso se presentou en data 27/11/2024.

SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

A Asociación de Mulleres Rurais Celso Emilio Ferreiro Sanxenxo invoca a vulneración da Base Décima do Programa de acción comunitaria para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024), no relativo á presentación de documentación ao cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.

TERCEIRO.- A Base Décima, do Programa de acción comunitaria para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024) sinala, en relación á presentación de documentación, que:

(...)

“Ademais, xunto coa devandita solicitude as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do nomeamento e vixencia do posto de secretario/a da entidade solicitante.*
- Certificación expedida pola persoa que exerza o posto de secretario/a da asociación, na que se faga constar:*
 - O acordo do órgano competente no que se acorde solicitar a subvención, coa indicación do importe e da denominación da actuación para a que se solicita a subvención.*
 - Que se cumpren os requisitos e as obrigas sinaladas nestas bases reguladoras.*
 - O número de socios actualizado, con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria.*



- O importe individualizado da totalidade das cotas que pagan anualmente os socios referidos á última anualidade vencida ou, no seu caso, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a súa comprobación.
- Que os prezos unitarios que constan no orzamento están dentro dos límites máximos establecidos nas tarifas de referencia.”

(...)

“Unha memoria valorada ou proxecto técnico, nos casos que resulte esixible, asinada electrónicamente polo/a presidente/a da entidade solicitante e/ou os/as técnicos/as competentes, na que conste o seguinte contido mínimo:

- (...)
- Planos de localización e fotografías, que evidencien a situación da infraestrutura sobre a que se vai intervir antes da execución das actuacións subvencionables, de forma que se identifiquen as datas en que se tomaron as fotografías, os lugares e infraestruturas sobre as que se vai intervir e o seu estado, que deberá corresponderse co estado previo á execución das actuacións subvencionables.

Non serán subvencionables aquelas actuacións nas que non existan evidencias gráficas ou os servizos técnicos provinciais non poidan comprobar materialmente o estado anterior á realización das actuacións subvencionables.”

(...)

A este respecto a referida asociación non presentou, xunto coa solicitude, a documentación que acreditara o nomeamento e vixencia do posto de secretaria ou secretario da entidade asemade o certificado que debería ser expedido pola persoa que exercera o posto de secretario/a da asociación presentouno expedido pola propia representante. A asociación tampouco presentou a reportaxe fotográfica, que evidenciara a situación da infraestrutura sobre a que se ía intervir, antes das posibles actuacións subvencionables.

En suma, hai un defecto, erro ou omisión na presentación da documentación preceptiva recollida nas bases a presentar xunto coa solicitude de participación na convocatoria de subvención. En consecuencia tal e como establece a base décima, requíriuselle a entidade expresamente o seguinte:

- ACHEGA DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO NOMEAMENTO E VIXENCIA DO SECRETARIO DA ENTIDADE.
- ACHEGAR A CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DA ENTIDADE (ANEXO I), CUBERTA E ASINADA POLA SECRETARIA.
- ACREDITAR O ESTADO PREVIO DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES CUNHA REPORTAXE FOTOGRÁFICA, MAPAS E PLANOS QUE O EVIDENCIEN.”

A entidade non atendeu ao requirimento polo que a documentación presentada incumpre o disposto nas Bases reguladoras.

Por tanto, de acordo coa Base Décima, non se dá cumprimento á obriga de presentar un a documentación acreditativa do nomeamento e vixencia do posto de secretario/a da asociación, a certificación solicitada nas bases non foi cuberta pola persoa que exerce o posto de secretario/a e no se presentou unha reportaxe fotográfica que evidenciase a situación previa da infraestrutura sobre a que se ía levar a cabo a actuación para a que se solicitou a subvención.

A este respecto, a Base Décima establece expresamente a consecuencia: “Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases”.

Por tanto, a exclusión estímase que é adecuada.



CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.

QUINTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigaón legal de resolver.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do día 2/12/2024, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 5/12/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 27/11/2024 (núm. rexistro WEB2024074122) pola Asociación de Mulleres Rurais Celso Emilio Ferreiro Sanxenxo (CIF G36148526).
2. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.34505.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PROXECCIÓN DUN VIDEOMAPPING NA TORRE DO HOMENAXE DO CASTELO DE SOUTOMAIOR”. (Expte. 2024066550)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 22 de novembro de 2024, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de proxección dun videomapping na Torre do Homenaxe do Castelo de Soutomaior durante a temporada do Nadal, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.



O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 22 de novembro de 2024. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 10 de decembro de 2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- Global Setup, S.L.U. (NIF: B94119104)

Os valores ofertados pola empresa admitida constan no certificado da mesa de contratación con csv: D5HAQZPQU8MC3ROK.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre único correspondente aos criterios de valoración automática de conformidade co indicado nos pregos, as puntuacións obtidas son as seguintes:

Empresa	Puntuación
• Global Setup, S.L.U. (NIF: B94119104)	100,00 puntos

Examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na mesma sesión do día 10 de decembro de 2024, acordou aprobar a clasificación das ofertas presentadas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Global Setup, S.L.U. (NIF: B94119104), polos prezos e valores ofertados.

Con data 12 de decembro de 2024, o secretario da Mesa de Contratación requiriu á empresa Global Setup, S.L.U. (NIF: B94119104), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o envío da comunicación electrónica do requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Global Setup, S.L.U. (NIF: B94119104) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2024077951, de data 13/12/2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Asemade, consta no expediente o xustificante de transferencia realizada para a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.929,39 € de data 12/12/2024.



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de servizo de “*Proxección dun videomapping na Torre do Homenaxe do Castelo de Soutomaior*” á empresa Global Setup, S.L.U. (NIF: B94119104) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo sen IVE: 28.960,00 €
IVE (21 %): 6.081,60 €
Prezo co IVE: 35.041,60 €

O prazo de duración do contrato será dende a data de formalización do contrato, tendo en conta en todo caso os seguintes prazos de execución:

O prazo de execución será entre o 21 de decembro de 2024 ata o 4 de xaneiro de 2025. Sinalando que os días 24, 25 e 31 de decembro de 2024 e os días 1 e 6 de xaneiro de 2025 o Castelo de Soutomaior permanecerá pechado.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.3360.227.99 (Prox. 24_0021 Gasto do Nadal 2024 Castelo Soutomaior)	35.041,60 €

Forma de pagamento: PARCIAL

O pago á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da correspondente factura en función das necesidades e polos servizos e traballos efectivamente prestados.

Debendo especificar o seguinte desglose:

- A parte relativa á parte fixa da prestación, correspondente aos importes dos seguintes elementos: estruturas; montaxe e desmontaxe e axustes de proxección e ensaios.



- E a parte variable relativa ao número de proxeccións de videomapping efectivamente realizadas, calculadas de xeito unitario en base aos importes de: proxección e reprodución; son; iluminación; produción e asistencia técnica.

Polo que, o orzamento indicado é máximo, de maneira que a cantidade final destinada a sufragar as prestacións obxecto do contrato estará condicionada ás distintas prestacións realizadas derivadas das necesidades reais de Deputación de Pontevedra, sen que quede obrigada esta a esgotar o orzamento total.

En todo caso, coa factura a empresa adxudicataria deberá presentar un informe xustificativo dos traballos efectivamente realizados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024066550	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicatario deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.



18.34506.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA CONTRA A INTRUSIÓN E CONTROL DE ACCESOS DA DEPUTACIÓN”. (Expte. 2024052159)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria na sesión do día 18 de outubro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 24/10/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14/11/2024, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, presentado polas empresa licitadoras:

-SEGURIDAD DI-SEYS S.L.(B32149361)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentado polas empresas que resultan admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de novas tecnoloxías.

Recibido informe do técnico medio de Administración xeral por delegación (RP 2024003310) do xefe do servizo de Novas tecnoloxías, Damián Rey Rodríguez, con data 15/11/2024, (csv: OXAG9SNAWUBTC9OI), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21/11/2024, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos da empresa que participan no procedemento aberto e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresa SEGURIDAD DI SEYS se recollen no certificado da Mesa de contratación de data 22/11/2024 (csv XJCFQ45N3HSGO9QG).

A Mesa comproba que a empresa SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361) atópase en baixa temeraria en canto ao prezo ofertado, polo requírese para que no prazo de 5 días hábiles achegue a xustificación da baixa.

En data 25/11/2024 Rex WEB 2024073286, achega a xustificación da baixa e infórmase polo xefe do servizo de Novas tecnoloxías co csv RTWKG5HDY8LKO70M.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a puntuación que obtén a empresa SEGURIDAD DI-SEYS no sobre C é de: 75 puntos.



As puntuación totais do sobre B máis o sobre C son as seguintes:

TOTAL PUNTUACION B (<i>Ata un máx. de 25 puntos</i>)	18
TOTAL PUNTUACION C (<i>Ata un máx. de 75 puntos</i>)	75
TOTAL B+C	93

A Mesa de contratación na súa reunión de data 5/12/2024, aproba a clasificación da oferta presentada e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa SEGURIDAD DI SEYS S.L. que acada a puntuación de 93.

A continuación o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 1081 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2024009374 de data 10/12/2024, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa SEGURIDAD DI SEYS S.L., que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa SEGURIDAD DI SEYS S.L presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB2024077654 de data 12/12/2024) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de euros (carta de pago núm. 202400267600 operación, de data 12/12/2024).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do Servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra, á empresa SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361) polo importe sen IVE de 63.500,00 €, 21% de IVE 13.335,00€, e importe total IVE engadido de 76.835,00€, para dous anos de contrato.

O prazo de duración é de dous anos a contar desde a data de formalización do contrato, establecéndose a posibilidade de 1 prórroga de dous anos de duración.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe total co IVE
2025 (11 meses)	25/926.9260.227.23	35.216,04€
2026	26/926.9260.227.23	38.417,50€
2027 (1 mes)	27/926.9260.227.23	3.201,46€
	TOTAL	76.835,00€

Os importes correspondentes as anualidades 2025, 2026 e 2027 quedarán condicionadas a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Forma de pagamento: parcial

Os pagos a empresa adxudicataria realizaranse por bimestre vencido.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2024052159		
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato:. O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

19.34507.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “DIXITALIZACIÓN E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ZONA SUROESTE DA PLANTA PRIMEIRA DO PAZO PROVINCIAL”.
(Expte.2021053050)

Resultando.- Que por acordo de Xunta de Goberno de data 28/07/2023 adxudicouse á empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L. (CIF B94129368), o procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”, por un importe de 560.625 € IVE incluído, e un prazo de execución de 270 días.

Resultando.- Que por acordo de Xunta de Goberno de data 22/09/2023 se suspende o contrato polo traslado do persoal necesario para realizar as obras.

Con data 11/03/2024 formalizouse entre a dirección de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 06/12/2024.



Resultando.- Que mediante escrito presentado polo contratista a través do Rexistro electrónico da Deputación (WEB2024075786), solicita unha ampliación do prazo de execución de un máximo de 135 DÍAS, debido as obras previas que tiveron que realizarse con respecto as baixantes con amianto e as paralización do traballo ordinario necesarias para o normal funcionamento das actividades no salón de Plenos, Sala de Prensa e Sala de Comisións en numerosas ocasións.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: 6YZDQP8HQ997WNU7 informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...*Verificada a realidade das razóns expostas pola empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, SL, das que non son directamente responsables, e de acordo coas características técnicas das obras - que non se verán afectadas por esta ampliación-, considérase viable a petición de prórroga do prazo de execución do proxecto de referencia. Á vista do anteriormente exposto, esta Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora NON son imputables á empresa DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, SL, entendendo xustificada a concesión da ampliación do prazo de execución da obra en CENTO TRINTA E CINCO (135) DÍAS, ata o 20 de abril de 2025..”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) HV42KVWV1TF8GYW5 no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en CENTRO TRINTA E CINCO (135) DIAS, sendo a data de finalización deste contrato o 20/04/2025.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...” .

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...” .

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...” .

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/06/2023 acordou adxudicar á empresa AQUÁTICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314) o Contrato derivado Lote 4 AM seguridade e saúde de obras de Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.



Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 4 AM seguridade e saúde na prórroga das obras de “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial” por un importe de 2.471,76 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: 1U0APUDQ93POBT4K, no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/457.4500.622.03, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053050, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400267847.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa. DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L., unha ampliación de prazo de CENTRO TRINTA E CINCO (135) DIAS, na execución do contrato de obras “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial” establecendo coma data para finalizar a obra o día 20/04/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314) o Contrato derivado Lote 4 AM seguridade e saúde na prórroga das obras de Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial” (expte 2024080122), por un importe de 2.471,76 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	2.042,78 €
IVE (21 %)	428,98 €
Importe total	2.471,76 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante CENTRO TRINTA E CINCO (135) DIAS polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras " Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial" con efectos dende o 07/12/2024.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006124; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024080122.



20.34508.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RAMYSAN RESTAURACIÓN, S.L., PARA RESPONDER DA CONCESIÓN DEMANIAL DA RESIDENCIA DO COMPLEXO DA POUSADA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR. (Expte.2020052672) (Devogaran 2024081315)

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do 18/03/2009 adxudicou a concesión demanial da residencia do complexo de Soutomaior para dedicalo a establecemento de hostalaría á empresa RAMYSAN RESTAURACIÓN, S.L. (B27721968) polo período inicial de 15 anos. O contrato da concesión establece a data de inicio da concesión o 01/04/2009, polo que o vencemento da concesión quedou establecido na data 01/04/2024.

A empresa RAMYSAN RESTAURACIÓN, S.L. (B27721968) presenta, cumprindo o esixido nos pregos, unha garantía definitiva por importe de 44.518,84 € segundo queda acreditado na carta de pago nº 200900024961 de 23/03/2009.

Con motivo da crise do COVID-19, a Xunta de Goberno, en sesión do 22/01/2021, acordou unha suspensión temporal da concesión, e posteriormente, en sesión do 23/04/2021 acordou finalizar dita suspensión temporal, reiniciar a mesma e ampliar o prazo da concesión no período correspondente á duración efectiva da suspensión temporal, quedando establecido o novo vencemento da concesión en data 17/08/2024.

Con posterioridade, a Xunta de Goberno, en sesión do 18/03/2024, aprobou unha prórroga da concesión por un prazo de 75 días, quedando establecida a nova data de vencemento en data 30/10/2024.

En cumprimento do establecido no prego administrativo da concesión, en datas 14/10/2024 e 23/10/2024 efectuáronse visitas por parte do servizos técnicos provinciais á Pousada de Soutomaior, xunto co concesionario, co fin de efectuar a revisión e comprobación das instalacións obxecto da concesión, emitíndose informe FAVORABLE á reversión á Deputación de Pontevedra das instalacións (CSV: 8JW68XLGT9PG0RAJ), que obra no expediente.

Resultando que no expediente tramitado ao efecto da devolución da garantía definitiva desta concesión, figura informe emitido desde o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio (CSV.- U7IWAOCMS0LWLJFN), no cal sinala que “Finalizada a concesión demanial e asinada a acta de reversión (CSV: UF9FCJAIYIGVVF1X) infórmase favorablemente á devolución de oficio da dita fianza, constituída pola empresa RAMYSAN RESTAURACION, S.L. (B27721968) para a concesión demanial da residencia do complexo da Pousada do Castelo de Soutomaior.”

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- GFIDXIC5VF0BDYGW), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte empresa RAMYSAN RESTAURACIÓN, S.L. (B27721968) unha garantía con ese concepto e importe; e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval do BANCO PASTOR, pola empresa RAMYSAN RESTAURACIÓN, S.L. (B27721968), por importe de 44.518,84 €. que foi depositada na Tesourería Provincial con data 23/03/2009, segundo mandamento de ingreso con número de operación 200900024961.

21.34509.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

22.34510.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.34511.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

